

Nome e apelidos:

Curso: Data:

- Escribe tres alimentos de cada tipo:
 - doces: ...
 - cereais: ...
 - friame: ...
 - peixe: ...
 - lácteos: ...
 - froita: ...
 - hortalizas: ...
- Redacta un pequeno texto coas recomendacións que, na túa opinión, son necesarias para levar unha vida saudable.
- Escribe o feminino destes substantivos:

xuíz	chinés	actor
patrón	xenro	capitán
campión	cliente	duque
león	heroe	can
bisavó	xudeu	alemán
rei	peixeiro	alcalde
príncipe	ladrón	adestrador
peixeiro	xefe	bailarín
- Escribe o substantivo que corresponde a cada un destes verbos, poñéndolle diante o ou a, segundo cumpra. Por ex.: *suar* → *a suor*.

<i>estrear</i> → ...	<i>sangrar</i> → ...
<i>viaxar</i> → ...	<i>ordenar</i> → ...
<i>doer</i> → ...	<i>sinalar</i> → ...
- Escribe de novo estas oracións, poñendo en plural todas as palabras que poidas:
 - *Mete na lavalouza a culler e a cunca, colle o pano de mesa e quita o mantel.*
 - *Meu irmán e miña irmá van facer unha excursión e pensan visitar un val onde seica vive un animal que é bastante difícil de ver neste mes.*
 - *Canta trapallada hai nesta caixa! Un álbum, un mandil, un compás, un anteface, unha chave inglesa, un ferro de pasar...*
- Pon os acentos diacríticos que sexan necesarios nestas oracións:
 - *Sabes que os programas de televisión de mais audiencia son os musicais dirixidos aos mozos e as mozas coma nos?*
 - *O ordenador que hai no colexio e moito mais potente co que teño eu na casa.*
 - *Compre que vaia ao supermercado da esquina e compre mais leite e te.*
- *Dóeme este pe, porque me fixen dano ao darlle unha patada a bola.*
- *Nin sei facer o no da gravata nin me gusta esa peza de roupa, mais, por se cambio de opinión, teño tres ou catro no roupeiro.*
- *O meu animal preferido e o oso panda.*
- *Da este paquete da miña parte a Sara; e lémbralle que o abra, que as veces e un pouco despiñada.*
- *Por que non vos achegades vos? Nos temos moita presa.*
- Escribe unha oración con cada parella de palabras:

<i>fora</i> – <i>fóra</i>	<i>oso</i> – <i>óso</i>
<i>ven</i> – <i>vén</i>	<i>bola</i> – <i>bóla</i>
- Escribe o nome das principais leis que afectan á lingua galega.
- Cantas linguas sabes falar?
- Relaciona cada definición co tipo de texto narrativo que corresponda:

lenda	novela	conto	fábula
-------	--------	-------	--------

 - Narración breve, normalmente en prosa, con poucos personaxes e argumento sinxelo.
 - Relato protagonizado por animais que actúan como humanos e do que se tira unha ensinanza.
 - Narración que mestura feitos naturais con outros de carácter fantástico, protagonizada por personaxes con poderes sobrenaturais.
 - Narración extensa cuxos elementos espazo-temporais están moi caracterizados.